



CRIATURAS

De Roberto Vidal Bolaño

Teatro do Aquí



Teatro do Aquí

PRESENTA

CRIATURAS





O Día das Letras Galegas adicado a Roberto Vidal Bolaño non pode pasar sen teatro. Dez anos despois da súa morte, a súa compañía Teatro do Aquí recupera un dos seus textos emblemáticos, *Criaturas*, para celebrar un autor que observou e describiu como ninguén o carácter da sociedade que lle tocou vivir. A volta aos escenarios de *Criaturas*, estreada en 1999 tras gañar o Premio Eixo Atlántico de Textos Teatrais, pretende seguir a montaxe orixinalmente dirixida por Roberto Vidal Bolaño. Para conseguilo, Teatro do Aquí volve a contar cunha parte do equipo que a realizou daquela e segue as indicacións que o autor deixou feitas sobre como debía ser o espectáculo. O director desta segunda montaxe, Evaristo Calvo, que tiña colaborado con RVB en distintas montaxes, seguiu as indicacións de dirección de Vidal Bolaño. Con esta mesma peza, Bolaño gaña o premio Max para textos teatrais. *Criaturas* é unha coprodución de Teatro do Aquí e o Centro Dramático Galego, coa asistencia técnica de Kachet, e a colaboración da Agadic e da Fundación Autor.

Ficha artística:

Autor: Roberto Vidal Bolaño

Dirección: Evaristo Calvo

Elenco: Belén Constenla, Marcos Orsi, Vicente de Souza, Xoán Carlos Mejuto



Xoán Carlos Mejuto



Belén Constenla

SINOPSE ARGUMENTAL

Criaturas trata de indagar e ver de poñer o descuberto, o que a razón ou a civilización podían ter producido de monstruoso en nós, ou nos que nos rodean. Neses personaxes anónimos, cotiáns, cos que nos cruzamos cada día no paso de peatóns, á volta da esquina, ou na cola do súper ou do cine e cos que nos relacionamos con toda naturalidade. Con eaa mesma naturalidade coa que aceptamos ou mesmo consumimos, polos sen plumas, ovos sen colesterol, melóns sen pepiñas ou híbridos de peladiña con boa presentación e sabor a todo e a nada.

Esas “criaturas” veñen suxeridas da observación da propia realidade e o pretexto para os botar a andar e ver de poñer ao descuberto o que de medorento poidese haber tras da súa aparente normalidade, da relación que establecen coa criatura creada polo Dtor Frankenstein, cando esta, pouco antes de se illar definitivamente da civilización e perdese nas inmensidades polares, se achega ao noso presente apra o observar por derradeira vez. Unha viaxe feita dende o humor, a ironía e o sarcasmo.

Premios

Eixo Atlántico, 1999

Premio María Casares mellor texto orixinal, 2000


Premio Max a textos en galego, 2001



Marcos Orsi, actor

Voltar a encontrarse coa compañía Teatro do Aquí e respirar outra vez as palabras de Roberto Vidal Bolaño é para min un pracer, un retorno a un lugar familiar. As palabras de Roberto son palabras que, no meu caso, cobrarán voz na boca de un ser fabricado con cachos de corpos diferentes: a Criatura. Un gurrño de músculos, osos, menbros, memoria, sangue, cerebro e corazón alleos. Ese é Frankie. Tan perto de nós, case da familia pero preferimos telo lonxe. Unha cara horripilante, non pasa polas portas, e fai preguntas inoportunas. E se fora pouco, Vai polo mundo cun corazón na man buscando a razón do desamor. O desamor da súa amada.

É emocionante tentar compartir os sentimentos dese ser , descubrir esa ollada do non entender e a frustración que o leva a violencia. Porque o afastan da vida e lle negan o amor. Gústame tentar responder: Quen son os monstros?



Vicente de Souza, actor

Ao resgatar os insensatos personaxes de Criaturas surpreende descubrir que unha das cualidades que mellor os define (aparte dos clásicos absurdos, mentecaptos ou inapresentábeis) é a que os resume como actuais. Actuais é pouco, actualísimos. Penso que son mais tristemente recoñecíbeis agora que cando Roberto os describeu.

Xira

ESTREA EN NARÓN : 19 e 20 de Abril

Oleiros: 26 e 27 de Abril

Muros: 3 e 4 de Maio

Vilagarcía de Arousa: 10 de Maio

Santiago de Compostela (Teatro Principal) 16 e 17 de Maio. (15 e 16 Funcións para centros de ensino)

Brión: 18 de Maio

Illa de Arousa: 24 de Maio

Teo: 25 de Maio

Santiago (Salón Teatro): Peche do ano Vidal Bolaño: Decembro do 12 ao 15.

Contacto

Belén Quintáns

+34 619 319 245

